

AS FUNCIÓNS DO TITOR/A

		FUNCIÓNS XERAIS	CONCRECIÓN DE FUNCIÓNS
1	a, m, n	Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e das actividades de orientación.	- Colaborar cos demais titores/as e co departamento de orientación. - Actuar baixo a coordinación da xefatura de estudos e no marco do proxecto curricular do centro.
2	c, d	Coñecer as características persoais, escolares e socio-familiares do alumnado que inciden no seu rendemento académico.	- Analisar o expediente persoal do alumno/a. - Utilizar instrumentos válidos para conseguir o coñecemento do alumnado.
3	e, h, f	Orientar o alumnado de maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.	- Levar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado. - Detectar dificultades e necesidades especiais e buscar respostas educativas adecuadas, solicitando os apoios oportunos. - Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do grupo.
4	b, o	Proporcionar ao alumnado, profesorado e pais/nais toda a información relevante sobre as actividades docentes e o rendemento académico.	- Informar o alumnado e os pais/nais sobre calendario escolar, horarios xerais e específicos, actividades extra-escolares e complementares, programas e criterios de avaliación.
5	g, ñ	Facilitar a integración e a participación do alumnado no grupo e no centro.	- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado. - Mediar nos problemas perante o resto do profesorado, alumnado e dirección do centro.
6	l	Favorecer o proceso de maduración vocacional do alumnado.	- Orientar e asesorar o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
7	i, j, k, q, r, s	Coordinar a acción dos membros da equipa docente do grupo.	- Intercambiar información sobre as características do alumnado do grupo. - Coordinar o axuste das metodoloxías e criterios de avaliación programados para o grupo. - Presidir e organizar as xuntas de avaliación do grupo. - Controlar a asistencia e puntualidade do alumnado do grupo, informando os pais/nais e a xefatura de estudos. - Cubrir os documentos oficiais relativos ao alumnado do grupo.
8	p, t	Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais/nais do alumnado.	- Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación do alumnado.
9	u	Atender o alumnado, xunto co resto do profesorado, durante os periodos de lecer no centro.	